

6. A mención de «matrícula de honor» poderálles ser outorgada a alumnos que obtivesen unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder do cinco por cento dos alumnos matriculados nunha materia no correspondente curso académico, salvo que o número de alumnos matriculados sexa inferior a 20; neste caso poderase conceder unha soa «matrícula de honor».

Disposición transitoria única. *Adaptación ó sistema.*

As ensinanzas universitarias actuais conducentes á obtención dun título universitario oficial que estean implantadas na actualidade deberán, en todo caso, adaptarse ó sistema de créditos establecido neste real decreto con anterioridade ó 1 de outubro de 2010.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Para os efectos do disposto no artigo 2 deste real decreto, quedan derogados o punto 7 do artigo 2 e os puntos un.4 e un.5, primeiro parágrafo, do anexo I do Real decreto 1497/1987, do 27 de novembro, polo que se establecen as directrices xerais comúns dos plans de estudos dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, na redacción que, respectivamente, lles deron ós ditos puntos o Real decreto 779/1998, do 30 de abril, e o Real decreto 1267/1994, do 10 de xuño, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto nesta norma.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución española e de acordo co establecido no artigo 87, no artigo 88.1 e 3 e na disposición derradeira terceira da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Correspóndelle ó ministro de Educación, Cultura e Deporte dictar, no ámbito das súas atribucións, as disposicións que sexan necesarias para a aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 5 de setembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,  
PILAR DEL CASTILLO VERA

## MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE

**17646** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 653/2003, do 30 de maio, sobre incineración de residuos.* («BOE» 224, do 18-9-2003.)

Advertidos erros no Real decreto 653/2003, do 30 de maio, sobre incineración de residuos, publicado no

«Boletín Oficial del Estado», suplemento número 9 en lingua galega, do 1 de xullo de 2003, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1434, segunda columna, no anexo II, no penúltimo parágrafo da columna, onde di: «... que, ó seren incinerados, xerarán o 10% de calor...», debe dicir: «... que, ó seren incinerados, xeráren o 10% de calor...».

Na páxina , columna, onde di: «2.2.C. Valores límite de emisión totais:», debe dicir:

«2.2

C. Valores límite de emisión totais:».

Na páxina 1436, segunda columna, onde di: «3.1.C. Valores límite de emisión totais:», debe dicir:

«3.1

C. Valores límite de emisión totais:».

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**17689** *REAL DECRETO 1171/2003, do 12 de setembro, polo que se incorpora ó ordenamento xurídico español a Directiva 2001/19/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de maio de 2001, pola que se modifican directivas sobre recoñecemento profesional, e se modifican os correspondentes reais decretos de transposición.* («BOE» 225, do 19-9-2003.)

A normativa comunitaria de recoñecemento profesional ten como base os artigos do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea que regulan a liberdade de establecemento e a libre prestación de servizos. Con obxecto de facer efectiva esta liberdade, aprobáronse un conxunto de disposicións que desenvolven esas previsións do Tratado e que configuran un sistema de recoñecemento de cualificacións profesionais entre os estados membros da Unión. Esta normativa, constituída primordialmente por unha serie de directivas, foise traspondo ó ordenamento xurídico español mediante outros tantos reais decretos.

A nova Directiva 2001/19/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de maio de 2001, constitúe un paso máis dentro do conxunto de normas que, no ámbito dos estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo, inciden na mobilidade dos profesionais mediante o recoñecemento de títulos e outras cualificacións profesionais. A directiva afecta ós dous sistemas vixentes de recoñecemento profesional no ámbito comunitario.

En canto ó sistema xeral, introdúcese na Directiva 89/48/CEE, sobre recoñecemento de títulos de educación post-secundaria de tres ou máis anos de duración, o concepto de «formación regulada», que se contemplou por primeira vez na segunda directiva do sistema xeral (Directiva 92/51/CEE, sobre recoñecemento de títulos e diplomas profesionais de menos de tres anos de formación post-secundaria). Ademais, faise referencia á posible dispensa da proba de aptitude, cando esta sexa procedente, e ás esixencias sobre solvencia económica e seguros de responsabilidade profesional.

Polo que se refire ás directivas sectoriais, é dicir, as que se refiren ás profesións concretas de enfermeiros de coidados xerais, odontólogos, veterinarios, matronas, arquitectos, farmacéuticos e médicos, inclúense listas actualizadas de títulos e diplomas, establécese a validez doutros títulos e diplomas sobre a base de certificacións das autoridades competentes e, como principal novidade,

de, introdúcese a obriga de tomar en consideración os títulos e diplomas obtidos en países terceiros, pero recoñecidos por algún Estado membro.

En consecuencia, resulta necesario modificar cada un dos reais decretos polos que se incorporaron no seu día ó ordenamento xurídico español as directivas que agora foron obxecto de modificación.

Por outra parte, considerouse oportuno incluír nesta disposición, que debía modificar, entre outros, o Real decreto 1691/1989, do 29 de decembro, polo que se regula o recoñecemento de diplomas, certificados e outros títulos de médico e de médico especialista dos estados membros da Unión Europea, unha nova redacción do artigo 12 bis do dito real decreto, co fin de dar cumprimento á Sentencia do 16 de maio de 2002, do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, que declarou que España non adaptara correctamente ó seu dereito interno o artigo 8 da Directiva 93/16/CEE.

Na tramitación desta norma consultáronse as corporacións afectadas e oíuse o Consello Xeral de Formación Profesional.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Educación, Cultura e Deporte, de Asuntos Exteriores, de Xustiza, de Defensa, de Facenda, do Interior, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Administracións Públicas, de Sanidade e Consumo, de Medio Ambiente, de Economía e de Ciencia e Tecnoloxía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de ministros na súa reunión do día 12 de setembro de 2003,

## DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do sistema xeral de recoñecemento de títulos de ensino superior que esixen unha formación mínima de tres anos de duración.*

Modifícase o Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro, polo que se regula o sistema xeral de recoñecemento de títulos de ensino superior dos estados membros da Unión Europea e outros estados partes no Acordo sobre o Espacio Económico Europeo, que esixen unha formación mínima de tres anos de duración, modificado polos reais decretos 767/1992, do 26 de xuño, 2073/1995, do 22 de decembro, 1754/1998, do 31 de xullo, e 411/2001, do 20 de abril, no sentido seguinte:

Un. A alínea a) do artigo 1 queda redactada do seguinte xeito:

«a) Título: calquera título, certificado ou outro diploma ou conxunto deles, expedido por unha autoridade competente nun Estado membro, que acredite que o titular superou un ciclo de estudos post-secundarios dunha duración mínima de tres anos, ou dunha duración equivalente a tempo parcial, nunha universidade, nun centro de ensino superior ou noutro centro dun nivel de formación equivalente e, se é o caso, que cursou con éxito a formación profesional requirida, ademais do ciclo de estudos post-secundarios, e que posúe as cualificacións profesionais requiridas para acceder a unha profesión regulada no dito Estado membro, sempre que a formación fose adquirida principalmente na Comunidade ou o titular teña unha experiencia profesional de tres anos acreditada polo Estado membro que recoñece o título.

Equiparanse ós títulos os documentos expedidos por unha autoridade competente do referido Estado, recoñecidos como de nivel equivalente nese Estado, cando sancionen unha formación adquirida na Comunidade.»

Dous. Engádese no artigo 1 unha alínea f), coa seguinte redacción:

«f) Formación regulada: toda formación que estea directamente orientada ó exercicio dunha profesión determinada, e comprende un ciclo de estudos post-secundarios dunha duración mínima de tres anos, ou dunha duración equivalente a tempo parcial, nunha universidade, nun centro de ensino superior ou noutro centro dun nivel de formación equivalente e, se é o caso, a formación profesional, período de prácticas profesionais ou práctica profesional requirida ademais do ciclo de estudos post-secundarios.

Terán a consideración de formación regulada en España aquelas ensinanzas que, cumprindo os ditos requisitos, conduzan á obtención dun título oficial con valor en todo o territorio nacional, nos correspondentes niveis do sistema educativo.»

Tres. Engádese no punto 2 do artigo 4 un segundo parágrafo, coa seguinte redacción:

«Non obstante, non se esixirán os dous anos de experiencia profesional mencionados no parágrafo anterior cando o título ou títulos de formación do solicitante sancionen unha formación regulada.»

Catro. Engádese un último parágrafo ó artigo 5, coa seguinte redacción:

«Nos casos nos que se considere necesaria a imposición de medidas compensatorias, ás que se refiren os parágrafos a) e b) anteriores, a autoridade competente analizará, antes de adoptar unha resolución definitiva, se os coñecementos adquiridos polo solicitante no transcurso da súa experiencia profesional compensan total ou parcialmente a diferenza substancial contemplada no parágrafo anterior.»

Cinco. Engádese un artigo 15, coa seguinte redacción:

«Artigo 15.

Cando o exercicio dunha profesión regulada en España estea supeditado a unha proba de solvencia económica, consideraranse os certificados expedidos por bancos do Estado membro de orixe ou de procedencia do interesado como equivalentes ós expedidos en España.

Cando o exercicio dunha profesión regulada en España estea supeditado á proba de estar asegurados contra os riscos financeiros derivados da súa responsabilidade profesional, consideraranse os certificados expedidos por compañías de seguros doutros estados membros como equivalentes ós expedidos en España. Nos ditos certificados deberá constar que a compañía aseguradora cumpriu as normas legais e regulamentarias vixentes en España en canto ás condicións e ó alcance da cobertura. Os ditos certificados só poderán presentarse ata tres meses despois da data da súa expedición.»

**Artigo segundo.** *Modificación do sistema xeral de recoñecemento de títulos de menos de tres anos de duración.*

Modifícase o Real decreto 1396/1995, do 4 de agosto, polo que se regula un segundo sistema xeral de recoñecemento de formacións profesionais dos estados membros da Unión Europea e dos demais estados signatarios do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo,

modificado polos reais decretos 1754/1998, do 31 de xullo, e 784/2001, do 6 de xullo, no sentido seguinte:

Un. Engádese un segundo parágrafo ó artigo 7, coa seguinte redacción:

«Terán a consideración de formación regulada en España aquelas ensinanzas que, cumprindo os ditos requisitos, conduzan á obtención dun título oficial con valor en todo o territorio nacional, nos correspondentes niveis do sistema educativo.»

Dous. Engádese un punto 3 ó artigo 12, coa seguinte redacción:

«3. No caso contemplado no parágrafo c) do punto 1 deste artigo, a autoridade competente analizará, antes de adoptar unha resolución definitiva, se os coñecementos adquiridos polo solicitante no transcurso da súa experiencia profesional compen-san total ou parcialmente a diferenza substancial advertida.»

Tres. Engádese un segundo parágrafo ó punto 2 do artigo 14, coa seguinte redacción:

«Neste suposto, a autoridade competente analizará, antes de adoptar unha resolución definitiva, se os coñecementos adquiridos polo solicitante no transcurso da súa experiencia profesional compen-san total ou parcialmente a diferenza substancial advertida.»

Catro. Engádese un segundo parágrafo ó artigo 15, coa seguinte redacción:

«Neste suposto, a autoridade competente analizará, antes de adoptar unha resolución definitiva, se os coñecementos adquiridos polo solicitante no transcurso da súa experiencia profesional compen-san total ou parcialmente a diferenza substancial advertida.»

Cinco. Engádense dous novos parágrafos ó artigo 24, coa seguinte redacción:

«Cando o exercicio dunha profesión regulada en España estea supeditado a unha proba de solvencia económica, consideraranse os certificados expedidos por bancos do Estado membro de orixe ou de procedencia do interesado como equivalentes ós expedidos en España.

Cando o exercicio dunha profesión regulada en España estea supeditada á proba de estar asegurados contra os riscos financeiros derivados da súa responsabilidade profesional, consideraranse os certificados expedidos por compañías de seguros doutros estados membros como equivalentes ós expedidos en España. Nos ditos certificados deberá constar que a compañía aseguradora cumpriu as normas legais e regulamentarias vixentes en España en canto ás condicións e ó alcance da cobertura. Os ditos certificados só poderán presentarse ata tres meses despois da data da súa expedición.»

**Artigo terceiro.** *Modificación do recoñecemento de diplomas, certificados e outros títulos de enfermeiros responsables de coidados xerais.*

Modifícase o Real decreto 305/1990, do 23 de febreiro, polo que se regula o recoñecemento de diplomas, certificados e outros títulos de enfermeiros responsables de coidados xerais dos estados membros da Unión Europea, o exercicio efectivo do dereito de establecemento e a libre prestación de servicios, modificado

e ampliado polo Real decreto 1275/1992, do 23 de outubro, no sentido seguinte:

Un. Engádese un novo artigo 14, coa seguinte redacción:

**«Artigo 14.**

Recoñeceranse como proba suficiente, para os nacionais dos estados membros que posúan diplomas, certificados e outros títulos, no ámbito cuberto por este real decreto, que non respondan ás denominacións que figuren para o Estado membro de que se trate no anexo I, os diplomas, certificados e outros títulos expedidos polo Estado membro en cuestión que vaian acompañados dun certificado expedido polas súas autoridades ou organismos competentes no que se faga constar que os ditos diplomas, certificados e outros títulos sancionan unha formación conforme as disposicións da Directiva 77/452/CEE e son asimilados polo Estado membro que os expediu a aqueles as denominacións dos cales figuran no indicado anexo.»

Dous. Engádese un novo artigo 15, coa seguinte redacción:

**«Artigo 15.**

Recoñeceranse os diplomas, certificados e outros títulos obtidos polos nacionais dos estados membros nun país terceiro, sempre que fosen recoñecidos por un Estado membro como equivalentes a un dos citados no anexo I deste real decreto, e se acredite, mediante certificación expedida pola autoridade competente do dito Estado membro, que o solicitante exerceu a mesma profesión por un tempo mínimo de tres anos.»

Tres. O anexo I substitúese polo anexo A deste real decreto.

**Artigo cuarto.** *Modificación do recoñecemento de diplomas, certificados e outros títulos de odontólogo.*

Modifícase o Real decreto 675/1992, do 19 de xuño, polo que se regula o recoñecemento de diplomas, certificados e outros títulos de odontólogo dos estados membros da Unión Europea, así como o exercicio efectivo do dereito de establecemento e de libre prestación de servicios, no sentido seguinte:

Un. Na disposición transitoria primeira, o actual punto 3 queda numerado como punto 5, e insírense novos puntos 3 e 4, coa seguinte redacción:

«3. Recoñeceranse os diplomas, certificados e outros títulos de médico expedidos en Italia a persoas que iniciaron a formación universitaria de médico entre o 28 de xaneiro de 1980 e o 31 de decembro de 1984, cando veñan acompañados dunha certificación das autoridades competentes italianas na que se faga constar:

a) Que os titulares superaron a proba de aptitude específica organizada polas autoridades competentes italianas co obxecto de comprobala posesión dun nivel de coñecementos e de competencias comparable ó acreditado polo título que figura para Italia no anexo A da Directiva 78/686/CEE.

b) Que exerceron en Italia, efectiva e lícitamente e con carácter principal, as actividades propias da profesión de odontólogo mencionadas no artigo 5 da Directiva 78/687/CEE durante, polo menos, tres anos consecutivos no transcurso dos cinco anos anteriores á data de expedición da certificación.



c) Que están autorizados para exercer a actividade no campo da odontoloxía nas mesmas condicións que os titulares dos diplomas enumerados para Italia no anexo A da Directiva 78/686/CEE.

4. Non se lles esixirá a superación da proba de aptitude mencionada no punto anterior ás persoas que aprobaran os estudos de polo menos tres anos que as autoridades competentes acrediten como equivalentes á formación a que se refire o anexo II deste real decreto.»

Dous. O punto 2 do artigo 1 queda redactado como segue:

«2. Recoñeceranse como proba suficiente, para os nacionais dos estados membros que posúan diplomas, certificados e outros títulos, no ámbito cuberto por este real decreto, que non respondan ás denominacións que figuren para o Estado membro de que se trate no anexo I, os diplomas, certificados e outros títulos expedidos polo Estado membro en cuestión que vaian acompañados dun certificado expedido polas súas autoridades ou organismos competentes no que se faga constar que os ditos diplomas, certificados e outros títulos sancionan unha formación conforme as disposicións da Directiva 78/686/CEE e son asimilados polo Estado membro que os expediu a aqueles as denominacións dos cales figuren no indicado anexo.»

Tres. Engádese un novo artigo 14, coa seguinte redacción:

«Artigo 14.

Recoñeceranse os diplomas, certificados e outros títulos obtidos polos nacionais dos estados membros nun país terceiro, sempre que fosen recoñecidos por un Estado membro como equivalentes a un dos citados no anexo I deste real decreto, e se acredite, mediante certificación expedida pola autoridade competente do dito Estado membro, que o solicitante exerceu a mesma profesión por un tempo mínimo de tres anos.»

Catro. O anexo I substitúese polo anexo B deste real decreto.

**Artigo quinto.** *Modificación do recoñecemento de títulos, diplomas e certificados de veterinarios.*

Modifícase o Real decreto 331/1989, do 17 de marzo, polo que se regula o recoñecemento de títulos, diplomas e certificados de veterinarios dos estados membros da Unión Europea, o exercicio efectivo do dereito de establecemento e a libre prestación de servicios, modificado e ampliado polo Real decreto 335/1992, do 3 de abril, no sentido seguinte:

Un. Engádese un novo artigo 14, coa seguinte redacción:

«Artigo 14.

Recoñeceranse como proba suficiente, para os nacionais dos estados membros que posúan diplomas, certificados e outros títulos, no ámbito cuberto por este real decreto, que non respondan ás denominacións que figuren para o Estado membro de que se trate no anexo I, os diplomas, certificados e outros títulos expedidos polo Estado membro en cuestión que vaian acompañados dun certificado

expedido polas súas autoridades ou organismos competentes no que se faga constar que os ditos diplomas, certificados e outros títulos sancionan unha formación conforme as disposicións da Directiva 78/1026/CEE e son asimilados polo Estado membro que os expediu a aqueles as denominacións dos cales figuren no indicado anexo.»

Dous. Engádese un novo artigo 15, coa seguinte redacción:

«Artigo 15.

Recoñeceranse os diplomas, certificados e outros títulos obtidos polos nacionais dos estados membros nun país terceiro, sempre que fosen recoñecidos por un Estado membro como equivalentes a un dos citados no anexo I deste real decreto, e se acredite, mediante certificación expedida pola autoridade competente do dito Estado membro, que o solicitante exerceu a mesma profesión por un tempo mínimo de tres anos.»

Tres. O anexo I substitúese polo anexo C deste real decreto.

**Artigo sexto.** *Modificación do recoñecemento de diplomas, certificados e outros títulos de matrona ou asistente obstétrico.*

Modifícase o Real decreto 1017/1991, do 28 de xuño, polo que se regula o recoñecemento de diplomas, certificados e outros títulos de matrona ou asistente obstétrico dos estados membros da Comunidade Europea, así como o exercicio efectivo do dereito de establecemento e de libre prestación de servicios, modificado polo Real decreto 279/1994, do 18 de febreiro, no sentido seguinte:

Un. Engádese un novo artigo 14, coa seguinte redacción:

«Artigo 14.

Recoñeceranse como proba suficiente, para os nacionais dos estados membros que posúan diplomas, certificados e outros títulos, no ámbito cuberto por este real decreto, que non respondan ás denominacións que figuren para o Estado membro de que se trate no anexo I, os diplomas, certificados e outros títulos expedidos polo Estado membro en cuestión que vaian acompañados dun certificado expedido polas súas autoridades ou organismos competentes no que se faga constar que os ditos diplomas, certificados e outros títulos sancionan unha formación conforme as disposicións da Directiva 80/154/CEE e son asimilados polo Estado membro que os expediu a aqueles as denominacións dos cales figuren no indicado anexo.»

Dous. Engádese un novo artigo 15, coa seguinte redacción:

«Artigo 15.

Recoñeceranse os diplomas, certificados e outros títulos obtidos polos nacionais dos estados membros nun país terceiro, sempre que fosen recoñecidos por un Estado membro como equivalentes a un dos citados no anexo I deste real decreto, e se acredite, mediante certificación expedida pola autoridade competente do dito Estado membro, que o solicitante exerceu a mesma profesión por un tempo mínimo de tres anos.»

Tres. O anexo I substitúese polo anexo D deste real decreto.

**Artigo sétimo.** *Modificación do recoñecemento de certificados, diplomas e outros títulos do sector da arquitectura.*

Modifícase o Real decreto 1081/1989, do 28 de agosto, polo que se regula o recoñecemento de certificados, diplomas e outros títulos do sector da arquitectura dos estados membros da Unión Europea, así como o exercicio efectivo do dereito de establecemento e a libre prestación de servizos, modificado polo Real decreto 314/1996, do 23 de febreiro, e polo Real decreto 905/2001, do 27 de xullo, ó artigo 6 do cal se engade como segundo parágrafo o seguinte texto:

«Recoñeceranse os diplomas, certificados e outros títulos obtidos polos nacionais dos estados membros nun país terceiro, sempre que foran recoñecidos por un Estado membro como equivalentes a un dos citados no anexo I deste real decreto, e se acredite, mediante certificación expedida pola autoridade competente do dito Estado membro, que o solicitante exerceu a mesma profesión por un tempo mínimo de tres anos.»

**Artigo oitavo.** *Modificación do recoñecemento de diplomas, certificados e outros títulos de farmacia.*

Modifícase o Real decreto 1667/1989, do 22 de decembro, polo que se regula o recoñecemento de diplomas, certificados e outros títulos de farmacia dos estados membros da Unión Europea, así como o exercicio efectivo do dereito de establecemento, modificado e ampliado polo Real decreto 1595/1992, do 23 de decembro, no sentido seguinte:

Un. Engádesse un punto tres ó artigo 2, coa seguinte redacción:

«Tres. Recoñeceranse, así mesmo, os títulos de farmacia obtidos en Italia que sancionan estudos iniciados antes do 1 de novembro de 1993 e finalizados antes do 1 de novembro de 2003, sempre e cando se acompañen dunha certificación das autoridades competentes que acredite que os seus posuidores exerceron a profesión durante, alomenos, tres anos consecutivos no transcurso dos cinco anos anteriores á expedición da indicada certificación.»

Dous. Engádesse un novo artigo 15, coa seguinte redacción:

«Artigo 15.

Recoñeceranse como proba suficiente, para os nacionais dos estados membros que posúan diplomas, certificados e outros títulos, no ámbito cuberto por este real decreto, que non respondan ás denominacións que figuren para o Estado membro de que se trate no anexo I, os diplomas, certificados e outros títulos expedidos polo Estado membro en cuestión que vaian acompañados dun certificado expedido polas súas autoridades ou organismos competentes no que se faga constar que os ditos diplomas, certificados e outros títulos sancionan unha formación conforme as disposicións da Directiva 85/432/CEE e son asimilados polo Estado membro que os expediu a aqueles as denominacións dos cales figuran no indicado anexo.»

Tres. Engádesse un novo artigo 16, coa seguinte redacción:

«Artigo 16.

Recoñeceranse os diplomas, certificados e outros títulos obtidos polos nacionais dos estados

membros nun país terceiro, sempre que fosen recoñecidos por un Estado membro como equivalentes a un dos citados no anexo I deste real decreto, e se acredite, mediante certificación expedida pola autoridade competente do dito Estado membro, que o solicitante exerceu a mesma profesión por un tempo mínimo de tres anos.»

Catro. Substitúese o anexo I polo anexo E deste real decreto.

**Artigo noveno.** *Modificación do recoñecemento de diplomas, certificados e outros títulos de médico e de médico especialista.*

Modifícase o Real decreto 1691/1989, do 29 de decembro, polo que se regula o recoñecemento de diplomas, certificados e outros títulos de médico e de médico especialista dos estados membros da Unión Europea, o exercicio efectivo do dereito de establecemento e a libre prestación de servizos, modificado polo Real decreto 2072/1995, do 22 de decembro, e polo Real decreto 326/2000, do 3 de marzo, no sentido seguinte:

Un. O punto 3 do artigo 1 queda redactado como segue:

«3. Igualmente, recoñécense en España para o acceso ás actividades médicas especializadas, cos mesmos efectos dos correspondentes títulos españois, os diplomas, certificados e outros títulos que se enumeran nos anexos II.A e II.B deste real decreto, expedidos polas autoridades competentes indicadas nestes, e que cumpran os requisitos fixados no anexo IV.»

Dous. O artigo 12 bis queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 12 bis.

1. O establecido neste artigo será aplicable ós nacionais dos estados membros que pretendan obter o título español dunha especialidade médica cando acheguen certificados, diplomas ou outros títulos de formación médica especializada que non figuren, para o Estado de orixe ou procedencia, no anexo II.B deste real decreto, sempre que os faculden para exercer, no dito Estado, actividades propias de tal especialidade.

Este artigo será tamén aplicable ós nacionais dos estados membros que pretendan obter o título español dunha especialidade médica que non figure, para España, no anexo II.B deste real decreto e que presenten certificados, diplomas ou outros títulos de formación médica especializada obtidos noutro Estado membro que os faculden para exercer, no Estado de orixe ou de procedencia, actividades propias de tal especialidade.

En todo caso, os solicitantes deberán estar en posesión do título de licenciado en medicina, ou dunha titulación estranxeira homologada a este ou recoñecida para o exercicio profesional pola autoridade competente.

2. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral de Universidades, valorará o contido e a duración da formación especializada que demostren os diplomas, certificados e outros títulos presentados polo interesado e terá en conta a súa experiencia profesional, formación complementaria e formación médica permanente.

Cando de todo iso resulte unha formación equivalente á formación esixida en España para a obtención do título da especialidade médica que corresponda, a Dirección Xeral de Universidades propondrá

a expedición de tal título. En caso contrario, informarase o interesado do período de formación complementario necesario, así como das materias incluídas neste.

A Dirección Xeral de Universidades poderá solicitar, cando o considere necesario, informe da comisión nacional da correspondente especialidade.

3. O prazo para resolver e notificar as resolucións sobre os expedientes a que se refire este artigo será de catro meses a partir da presentación do expediente completo do interesado.

4. Cando sexa necesaria a realización dun período complementario de formación, a Secretaría de Estado de Educación e Universidades e a Subsecretaría de Sanidade e Consumo determinarán a unidade ou unidades docentes acreditadas nas que aquel se desenvolverá.

O interesado deberá completa-la súa formación baixo a dirección, tutela e avaliación da unidade docente que corresponda. Con carácter xeral, a dita formación desenvolverase conforme as condicións que se establecen no anexo IV deste real decreto, ben que, debido ó seu carácter temporal e complementario, non será obxecto de retribución.

Realizada e avaliada favorablemente a formación complementaria, o interesado terá dereito a obter o título español da especialidade médica que corresponda.»

Tres. Engádesse un punto 3 ó anexo III, coa seguinte redacción:

«3. A formación continua asegurará, de conformidade coas disposicións vixentes, que as persoas que completasen os seus estudos se manteñan ó día dos progresos en medicina.»

Catro. O parágrafo a) do punto 1 do anexo IV queda redactado como segue:

«a) Conclusión de seis anos de estudos no marco do ciclo de formación dos médicos a que se refire o anexo III deste real decreto.»

Cinco. O punto 3 do anexo IV queda redactado como segue:

«3. A duración mínima das formacións especializadas a que se refire este anexo non será inferior á que se especifica, para cada especialidade, no anexo II.B deste real decreto.»

Seis. Engádesse un novo artigo 15, coa seguinte redacción:

«Artigo 15.

Recoñeceranse os diplomas, certificados e outros títulos obtidos polos nacionais dos estados membros nun país terceiro, sempre que fosen recoñecidos por un Estado membro como equivalentes a un dos citados nos anexos I e II deste real decreto, e se acredite, mediante certificación expedida pola autoridade competente do dito Estado membro, que o solicitante exerceu a mesma profesión por un tempo mínimo de tres anos.»

Sete. Substitúense os anexos I e II polos anexos I, II.A e II.B que se publican, respectivamente, como anexos F, G e H deste real decreto.

**Disposición derradeira primeira.** *Desenvolvemento normativo.*

Correspóndelles ós ministros copropoñentes deste real decreto, sen prexuízo do que dispoñan as comunidades autónomas no ámbito das súas competencias, dictar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e execución do disposto nel.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 12 de setembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno  
e ministro da Presidencia,  
JAVIER ARENAS BOCANEGRA

## ANEXO A

(Novo anexo I do Real decreto 305/1990, do 23 de febreiro)

Diplomas, certificados e outros títulos de enfermeiro (responsable de cuidados xerais)

País	Denominación do título	Organismo que expide o título	Certificado que acompaña o título
Belgique/ België/Belgien	<ol style="list-style-type: none"> <li>Diploma gegradueerde verpleger/verpleegster <ul style="list-style-type: none"> <li>Diplôme d'infirmier(ère) gradué(e)</li> <li>Diplom eines (einer) graduierten Krankenpflegers (-pflegerin)</li> </ul> </li> <li>Diploma in de ziekenhuisverpleegkunde <ul style="list-style-type: none"> <li>Brevet d'infirmier(ère) hospitalier(ère)</li> <li>Brevet eines (einer) Krankenpflegers (-pflegerin)</li> </ul> </li> <li>Brevet van verpleegassistent(e) <ul style="list-style-type: none"> <li>Brevet d'hospitalier(ère)</li> <li>Brevet einer Pflegeassistentin</li> </ul> </li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>De erkende opleidingsinstituten/les établissements d'enseignement reconnus/die anerkannten Ausbildungsanstalten</li> <li>De bevoegde Examencommissie van de Vlaamse Gemeenschap/le Jury compétent d'enseignement de la Communauté française/die zuständigen Prüfungsausschüsse der Deutschsprachigen Gemeinschaft</li> </ol>	
Danmark	Eksamensbevis efter gennemført sygeplejerskeuddannelse	Sygeplejeskole godkendt af Undervisningsministeriet	
Deutschland	Zeugnis über die staatliche Prüfung in der Krankenpflege	Staatlicher Prüfungsausschuss	
Ελλάς	<ol style="list-style-type: none"> <li>Πτυχίο Νοσηλευτικής Παν/μίου Αθηνών</li> <li>Πτυχίο Νοσηλευτικής Τεχνολογικών Εκπαιδευτικών Ιδρυμάτων (Τ.Ε.Ι.)</li> <li>Πτυχίο Αξιωματικών Νοσηλευτικής</li> <li>Πτυχίο Αδελφών Νοσοκόμων πρώην Ανωτέρων Σχολών Υπουργείου Υγείας και Πρόνοιας</li> <li>Πτυχίο Αδελφών Νοσοκόμων και Επισκεπτριών πρώην Ανωτέρων Σχολών Υπουργείου Υγείας και Πρόνοιας</li> <li>Πτυχίο Τμήματος Νοσηλευτικής</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Πανεπιστήμιο Αθηνών</li> <li>Τεχνολογικά Εκπαιδευτικά Ιδρύματα Υπουργείο Εθνικής Παιδείας και Θρησκευμάτων</li> <li>Υπουργείο Εθνικής Άμυνας</li> <li>Υπουργείο Υγείας και Πρόνοιας</li> <li>Υπουργείο Υγείας και Πρόνοιας</li> <li>ΚΑΤΕΕ Υπουργείου Εθνικής Παιδείας και Θρησκευμάτων</li> </ol>	
España	Título de Diplomado universitario en Enfermería	Ministerio de Educación, Cultura y Deporte / El Rector de una Universidad	
France	<ol style="list-style-type: none"> <li>Diplôme d'Etat d'infirmier(ère)</li> <li>Diplôme d'Etat d'infirmier(ère) délivré en vertu du décret n° 99-1147 du 29 décembre 1999</li> </ol>	Le ministère de la santé	
Ireland	Certificate of Registered General Nurse	An Bord Altranais (The Nursing Board)	
Italia	Diploma di infermiere professionale	Scuole riconosciute dallo Stato	



País	Denominación do título	Organismo que expide o título	Certificación que acompaña o título
Luxembourg	<ol style="list-style-type: none"> <li>Diplôme d'Etat d'infirmier</li> <li>Diplôme d'Etat d'infirmier hospitalier gradué</li> </ol>	Ministère de l'Education nationale, de la Formation professionnelle et des Sports	
Nederland	<ol style="list-style-type: none"> <li>diploma's verpleger A, verpleegster A, verpleegkundige A</li> <li>diploma verpleegkundige MBOV (Middelbare Beroepsopleiding Verpleegkundige)</li> <li>diploma verpleegkundige HBOV (Hogere Beroepsopleiding Verpleegkundige)</li> <li>diploma beroepsonderwijs verpleegkundige – Kwalificatieniveau 4</li> <li>diploma hogere beroepsopleiding verpleegkundige – Kwalificatieniveau 5</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Door een van overheidswege benoemde examencommissie</li> <li>Door een van overheidswege benoemde examencommissie</li> <li>Door een van overheidswege benoemde examencommissie</li> <li>Door een van overheidswege aangewezen opleidingsinstelling</li> <li>Door een van overheidswege aangewezen opleidingsinstelling</li> </ol>	
Österreich	<ol style="list-style-type: none"> <li>Diplom als "Diplomierte Gesundheits- und Krankenschwester/Diplomierter Gesundheits- und Krankenpfleger"</li> <li>Diplom als "Diplomierte Krankenschwester/Diplomierter Krankenpfleger"</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Schule für allgemeine Gesundheits- und Krankenpflege</li> <li>Allgemeine Krankenpflegeschule</li> </ol>	
Portugal	<ol style="list-style-type: none"> <li>Diploma do curso de enfermagem geral</li> <li>Diploma/carta de curso de bacharelato em enfermagem</li> <li>Carta de curso de licenciatura em enfermagem</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Escolas de Enfermagem</li> <li>Escolas Superiores de Enfermagem</li> <li>Escolas Superiores de Enfermagem; Escolas Superiores de Saúde</li> </ol>	
Suomi/Finland	<ol style="list-style-type: none"> <li>Sairaanhoitajan tutkinto / sjukskötarexamen</li> <li>Sosiaali- ja terveystieteiden ammattikorkeakoulututkinto, sairaanhoitaja (AMK) / yrkeshögskoleexamen inom hälsovård och det sociala området, sjukskötare (YH)</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Terveystieteiden tutkimuskeskukset / hälsovårdsläroanstalter</li> <li>Ammattikorkeakoulut / yrkeshögskolor</li> </ol>	
Sverige	Sjuksköterskeexamen	Universitet eller högskola	
United Kingdom	Statement of Registration as a Registered General Nurse in part 1 or part 12 of the register kept by the United Kingdom Central Council for Nursing, Midwifery and Health Visiting	Various	



## ANEXO B

(Novo anexo I do Real decreto 675/1992, do 19 de xuño)

## Diplomas, certificados e outros títulos de odontólogo

País	Denominación do título	Organismo que expide o título	Certificado que acompaña o título
Belgique/ België/Belgien	— Diploma van tandarts — Diplôme de licencié en science dentaire	1. De universiteiten/les universités 2. De bevoegde Examencommissie van de Vlaamse Gemeenschap/le Jury compétent d'enseignement de la Communauté française	
Danmark	Bevis for tandlægeeksamen (odontologisk kandidateksamen)	Tandlægehøjskolerne, Sundhedsvidenskabeligt universitetsfakultet	Autorisation som tandlæge, udstedt af Sundhedsstyrelsen
Deutschland	Zeugnis über die Zahnärztliche Prüfung	Zuständige Behörden	
Ελλάς	Πτυχίο Οδοντιατρικής	Πανεπιστήμιο	
España	Título de Licenciado en Odontología	El rector de una Universidad	
France	Diplôme d'Etat de docteur en chirurgie dentaire	Universités	
Ireland	Bachelor in Dental Science (B.Dent.Sc.) / Bachelor of Dental Surgery (BDS) / Licentiate in Dental Surgery (LDS)	Universities / Royal College of Surgeons in Ireland	
Italia	Diploma di laurea in Odontoiatria e Protesi Dentaria	Università	Diploma di abilitazione all'esercizio dell'odontoiatria e protesi dentaria
Luxembourg	Diplôme d'Etat de docteur en médecine dentaire	Jury d'examen d'Etat	
Nederland	Universitair getuigschrift van een met goed gevolg afgelegd tandartsexamen	Faculteit Tandheelkunde	
Österreich	Bescheid über die Verleihung des akademischen Grades "Doktor der Zahnheilkunde"	Medizinische Fakultät der Universität	
Portugal	Carta de curso de licenciatura em medicina dentária	Faculdades / Institutos Superiores	
Suomi/Finland	Hammastaaketiiteen lisensiaatin tutkinto / odontologic licentiateexamen	1. Helsingin yliopisto / Helsingfors universitet 2. Oulun yliopisto 3. Turun yliopisto	Terveydenhuollon oikeusturvakeskuksen päätös käytännön palvelun hyväksymisestä / Beslut av Rattsskyddscentralen for hälsövården om godkännande av praktisk tjänstgöring
Sverige	Tandläkarexamen	Universitetet i Umeå Universitetet i Göteborg Karolinska Institutet Malmö Högskola	Endast för examensbevis som erhållits före den 1 juli 1995, ett utbildningsbevis som utfärdats av Socialstyrelsen
United Kingdom	Bachelor of Dental Surgery (BDS or B.Ch.D.) / Licentiate in Dental Surgery	Universities / Royal Colleges	

## ANEXO C

(Novo anexo I do Real decreto 331/1989, do 17 de marzo)

## Diplomas, certificados e outros títulos de cirurxía veterinaria

País	Denominación do título	Organismo que expide o título	Certificado que acompaña o título
Belgique/ België/Belgien	— Diploma van dierenarts — Diplôme de docteur en médecine vétérinaire	1. De universiteiten/les universités 2. De bevoegde Examencommissie van de Vlaamse Gemeenschap/le Jury compétent d'enseignement de la Communauté française	
Danmark	Bevis for bestået kandidateksamen i veterinærvidenskab	Kongelige Veterinær- og Landbohøjskole	
Deutschland	Zeugnis über das Ergebnis des Dritten Abschnitts der Tierärztlichen Prüfung und das Gesamtergebnis der Tierärztlichen Prüfung	Der Vorsitzende des Prüfungsausschusses für die Tierärztliche Prüfung einer Universität oder Hochschule	
Ελλάδα	Πτυχίο Κτηνιατρικής	Πανεπιστήμιο Θεσσαλονίκης και Θεσσαλίας	
España	Título de Licenciado en Veterinaria	Ministerio de Educación, Cultura y Deporte/El Rector de una Universidad	
France	Diplôme d'Etat de docteur vétérinaire		
Ireland	1. Diploma of Bachelor in/of Veterinary Medicine (MVB) 2. Diploma of Membership of the Royal College of Veterinary Surgeons (MRCVS)		
Italia	Diploma di laurea in medicina veterinaria	Università	Diploma di abilitazione all'esercizio della medicina veterinaria
Luxembourg	Diplôme d'Etat de docteur en médecine vétérinaire	jury d'examen d'Etat	
Nederland	Getuigschrift van met goed gevolg afgelegd diergeneeskundig/veeartsenijkundig examen		
Osterreich	1. Diplom-Tierarzt: 2. Magister medicinae veterinariae	Universität	1. Doktor der Veterinärmedizin 2. Doctor medicinae veterinariae 3. Fachtierarzt
Portugal	Carta de curso de licenciatura em medicina veterinária	Universidade	
Suomi/Finland	Eläinlääketieteen lisensiaatin tutkinto / veterinärmedicin licentiatexamen	Helsingin yliopisto / Helsingfors universitet	
Sverige	Veterinärexamen	Sveriges Landbruksuniversitet	

País	Denominación do título	Organismo que expide o título	Certificado que acompaña o título
United Kingdom	1. Bachelor of Veterinary Science (BVSc)	1. University of Bristol	
	2. Bachelor of Veterinary Science (BVSc)	2. University of Liverpool	
	3. Bachelor of Veterinary Medicine (BvetMB)	3. University of Cambridge	
	4. Bachelor of Veterinary Medicine and Surgery (BVM&S)	4. University of Edinburgh	
	5. Bachelor of Veterinary Medicine and Surgery (BVM&S)	5. University of Glasgow	
	6. Bachelor of Veterinary Medicine (BvetMed)	6. University of London	

## ANEXO D

(Novo anexo I do Real decreto 1017/1991, do 28 de xuño)

## Diplomas, certificados e outros títulos de matrona

